

A ORIXE DUN TOPÓNIMO VIGUÉS: A PUNTA DO MUIÑO (ALCABRE)

González Fernández, Juan Miguel

Data: 2018

Todo comeza cun atrabiliario persoaxe: D. José González y Varela (1693-1783), abogado titulado pola Rl. Audiencia de Galicia, casado na cidade olívica con D^a Juana Anta. Rodríguez Villarino -familia poderosa no gremio do mar- da que tivo 4 fillos lexítimos (morreron dous e marcharon a Indias os restantes) e 3 fillas, a quen nomea os seus universais herdeiros. Feneceu –quizais dementado e moi maior - como ermitaño nunha cova do monte do Castro de Vigo (e, polo mesmo, veciño de Freixeiro).

Pasou a vida pleiteando polos cuantiosos bens da dote da súa dona e propiedades rurais na bisbarra. Por lo que foi preso en Baiona

Estivo moi vencellado ao xulgado -concello- de Bouzas, ben como letrado, ben ocupando a vara en 1727-1729, e administrador das Rendas Provinciais e Alcabalas enaxenadas por El-Rei ao conde de S. Juan. Asimesmo participará na vida municipal de Vigo, sendo edil de 1739 a 17455.

Viviou unha truculenta historia de amoríos ilexítimos. Amancebado coa criada Antonia Campelos, encargada da casa de Bouzas, *pasaban juntos la mayor parte del año*, a pesares de que o provisor - xuíz e alto mandatario eclesiástico- de Tui tiñao conminado a vivir coa súa lexítima esposa en Vigo. En 1762 naceulles un fillo natural: D. Fco. Anto. Carballido -que terá certo renome na zona-. O idilio remata en 1766 cando ela, xunto co novo compañeiro, un anónimo criado dos Acevedo (Coia), fuxiron con cartos (100 reais de prata e 96 pesos) e *alhajas* -utensilios, etc-; mentres estiveron escapados queimáronlle a Carballido a casa de Pelaio (Coia) e tentaron facer o mesmo coa de Freixeiro. Non se sabe como rematou tan singular historia, pero desde logo pasou ao xulgado dada a gravidade dos delitos.

O certo é que o citado D. Francisco A. González fíxose co muiño de Alcabre. O Procurador Síndico de Vigo, diante da escaseza de pan, en xullo de 1797, solicita entre outras cousas - que *habiendo un molino de viento en Alcabre que tiene abandonado su dueño por su capricho el [...] D. Antonio [Franciso] Carballido, dueño del edificio y vecino de Bouzas* o poña a moer antes de 15 días, e de non facelo o poña en venda pública subasta. Aquí remata a pasaxe, pero deduce-se que o muiño estaba xa daquela

en malas condicións. O muiño está xa documentado no século XVII e, ao parecer, consta nos mapas desa centruria ou da seguinte.


No “Derrotero de las costas de España y Portugal...” escrita por un experimentado marino Riudavets i Turdury en 1865, xa pode lerse:

PUNTA DEL MOLINO *Es de piedra con escabrosidades, baja en su extremidad y saliente al N. Dista como media milla al NE ¼ N. del cabo de Mar, y es la más avanzada de la costa meridional de la ría, según acabamos de indicar. Contribuye a su reconocimiento el ruinoso molino de viento que hay sobre su parte más culminante y del cual deriva el nombre.*

Daquela o artefacto estaba totalmente destruído, sen embargo co tempo e querencia popular, dera lugar parcialmente a un topónimo.

O dito nome arraigou tan fondamente que aparece -castelanizado, claro- no Mapa Topográfico Nacional de 1943 (folia nº 223) e logo no máis recente -xa en galego- de 1979 (folia 323-III).

Pero se queremos saber con exactitude o sitio do topónimo “Muiño de Vento”, aínda que pareza increíble, únicamente pódese recurrir a un mapa editado polo Concello de Vigo en 1982, onde aparece polo miúdo o casco urbán e a súa contorna rural (e polo tanto non turístico). Aparece situado no que hoxe é o portalón de entrada ao Museo do Mar de Galicia –Avda. Atlántida, nº 160–, xusto onde tamén comeza o modesto Camiño de Borralleiros. Hoxe non queda nada daquela obra que estaba nos séculos XVIII-XIX, aínda que xa precaria.



Máis, segundo a tradición popular que refiren varios veciños do lugar, o muiño de vento estaría enriba do con que está no cabo da praia da Mourisca, e aínda resta alí unha escada rupestre (información facilitada polo director do Museo do Mar de Galicia. Poidera ser, pero habitualmente os dicires erran.